PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/04/2025 10:54:05
Nº Rexistro: 6396
Data envio: 04/04/2025 10:54:05.892

PARLAMENTO DE GALICIA

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 1 de abril de 2025, polo que se resolve o recurso de alzada interposto por D.ª Sonia María Amoedo Domínguez contra o acordo do tribunal do proceso selectivo para ingresar en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, polo que se rexeita a alegación formulada en relación co segundo exercicio do citado proceso.

Examínase o recurso de alzada interposto por D.ª Sonia María Amoedo Domínguez o 17 de marzo de 2025 (doc. núm. 21835) contra o acordo do tribunal do proceso selectivo para ingresar por oposición libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, polo que se rexeita a alegación formulada en relación co segundo exercicio do citado proceso.

Visto o informe do tribunal cualificador e tendo en conta os seguintes

Antecedentes

1. A Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 9 de abril de 2024, adoptou acordo de convocar probas selectivas para ingresar por oposición libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e aprobou as bases reguladoras do proceso de selección (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 15, do 22 de abril de 2024 e *Diario Oficial de Galicia* número 79, do 22 de abril de 2024)

2. O 12 de novembro de 2024, a Presidencia do Parlamento ditou resolución pola que nomearon os membros do tribunal que debería cualificar o proceso selectivo. Esta resolución foi publicada no BOPG núm. 115, do 13 de novembro de 2024 e no portal de transparencia, en cumprimento da base quinta das bases reguladoras do proceso selectivo.

3. Pola resolución da Presidencia do Parlamento do 29 de xullo de 2024, aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo, cun total de 555 aspirantes, que foi publicada no mesmo día no BOPG e corrixida no BOPG do 30 de xullo de 2024 e do 13 de agosto de 2024.

4. Na mañá do día 13 de xaneiro de 2025 realizouse o primeiro exercicio do proceso selectivo, consistente nun test de 100 preguntas – e 5 de reserva- con 4 respostas alternativas das que soamente unha sería a correcta. Na tarde publicouse o cuestionario e a plantilla de respostas, dando comezo o prazo de 3 días para alegacións.

Transcorrido o prazo de alegacións, o tribunal estudou as presentadas polas persoas aspirantes, resolveu ao respecto e cualificou os exames. Ás ditas actuacións se lles deu publicidade na resolución publicada o 29 de xaneiro de 2025. O 30 de xaneiro de 2025 comezou o prazo de 10 días hábiles para alegacións ás cualificacións, prazo previsto na base sexta 1.5.

5. O día 22 de febreiro 2025 tivo lugar a realización do segundo exercicio, consistente nun test de 50 preguntas e 3 de reserva, con 4 respostas alternativas das que soamente unha sería a correcta.

CSV: REXPG-cu3kBlsxT-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

No mesmo día publícanse no Portal de transparencia as preguntas do test e a plantilla de respostas.

Consecuentemente, entre os días 24 ao 26 de febreiro de 2025 poderían formularse alegacións ás preguntas, de conformidade ao estipulado na base sexta que rexe o proceso selectivo.

6. A aspirante formula alegacións en tempo e forma (núm. rex. 20703, do 25 de febreiro de 2025) á pregunta nº 2.

O tribunal estudou as alegacións presentadas, resolveu ao respecto e cualificou os exames, tal e como consta na resolución publicada o 28 de febreiro de 2025 no portal de transparencia, dando comezo ao prazo de 10 días hábiles para alegacións ás cualificacións previsto na base sexta 1.5.

Na resolución soamente figuraba aceptada unha alegación en relación a outra pregunta distinta da impugnada, o resto foron rexeitadas.

Asemade, tal e como se indicaba na devandita resolución, o día 7 de marzo 2025 notificóuselle á interesada a motivación do rexeitamento da súa alegación.

7. Os días 15 e 17 de marzo de 2025 (núms. rex. 21833 e 21835) a aspirante presenta dous escritos, no segundo dos cales formaliza un recurso de alzada pola súa desconformidade co rexeitamento da súa alegación. Motiva o recurso en que *"o Tribunal rexeita a alegación presentada con base na literalidade do manual*" e manifesta que pode ter erros non sendo acorde o manual co funcionamento da aplicación.

Consideracións

Primeira. Requisitos xurídicos formais

A aspirante D.ª Sonia Amoedo Domínguez formulou un recurso de alzada, rexistrado o 17 de marzo de 2025, contra a resolución ditada o 28 de febreiro de 2025 polo tribunal do proceso selectivo pola que rexeitou a alegación que ela presentara á pregunta nº 2. do segundo exercicio da oposición.

A interesada ten a lexitimación necesaria para formular o recurso en tanto é unha aspirante do proceso.

O recurso preséntase dentro do prazo legal previsto no artigo 122.1 da LPAC ou sexa, no prazo dun mes, ao existir un acto expreso: a resolución do tribunal.

O obxecto do recurso é a resolución do tribunal do 28 de febreiro de 2025, que non pon fin á vía administrativa, pola que que se rexeita a súa alegación da pregunta 2, respecto da que a aspirante considera correcta a resposta b) en vez de a a), razón pola que solicita a súa anulación.

Segunda. Consideracións de fondo

(1) A pregunta do test era a seguinte:

CSV: REXPG-cu3kBlsxT-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/04/2025 10:54:05
Nº Rexistro: 6396
Data envio: 04/04/2025 10:54:05.892

"2. Que proceso debemos realizar para asociarlle o expediente a un rexistro de entrada dun documento, unha vez rematado o proceso de anotación na ventá "Anotación no Rexistro de Entrada"?

a) Temos que premer Aceptar e logo imos ao campo "Asociar exp." e na opción "Apertura de expediente" eliximos o tipo de expediente, seleccionamos o trámite e prememos Aceptar.
b) Imos ao campo "Asociar exp." e na opción "Apertura de expediente" eliximos o tipo de expediente, seleccionamos o trámite e prememos Aceptar.
c) Imos ao campo "Documento", asignámoslle o que lle corresponde segundo a tipoloxía do documento e prememos Aceptar.
d) Temos que premer Aceptar, logo imos ao campo "Asociar exp.", na opción "Apertura de expediente" eliximos o tipo de expediente e seleccionamos o trámite. "

A alegación inicial partía de que, para a aspirante, o proceso de anotación remata cando o documento se encontra anotado no rexistro de entrada e segundo explica, isto sucede despois de premer "aceptar", polo que este paso forma parte do proceso de anotación. E así defende que os pasos que se deben seguir para asociarlle o expediente a un rexistro de entrada son os indicados na opción b).

No informe do tribunal indícase que este releu o manual e, no módulo Rexistro de entrada, na páx.10 punto 2.1.2, indícase textualmente: *"rematado o proceso de anotación, prémese **aceptar**".* Asemade, na páxina 3, vólvese a referir que "*prememos o botón **aceptar** unha vez que rematemos o proceso"*. Polo tanto, unha vez rematado o proceso e antes de abrir o expediente, hai que premer *Aceptar*, que é o contido e o comezo da resposta a). Por este motivo, o tribunal acordou rexeitar a alegación.

(2) A interesada solicita no seu recurso que a pregunta sexa anulada e substituída pola correspondente de reserva e se refagan os cálculos das puntuacións.

Motiva o recurso en que "*o tribunal rexeita a alegación presentada con base na literalidade do manual."*

Sustenta as súas alegacións en que o manual pode ter erros, que o enunciado da pregunta 2 non fai referencia ao manual e que realmente estase a preguntar sobre o proceso para asociar o expediente a un rexistro de entrada do documento. Considera que, de por si, ao referirse ao rexistro de entrada do documento, é que xa se premeu aceptar, pois nese intre é cando se obtén o número de rexistro. Estima que de ser doutro xeito habería que aceptar que o proceso de anotación remata antes de premer aceptar. Remata a súa motivación dicindo "*que a opción a) é a que indica textualmente o manual, pero a opción b) é a que se corresponde co funcionamento do rexistro de entrada de Ágora".*

(3) Respecto da alegación da recorrente de que o manual pode ter erros e que o enunciado da pregunta 2 non fai referencia ao manual, cómpre acudir á base 6.1.2 do proceso selectivo na que se determina que o segundo exercicio ten por temario os do bloque B indicados no anexo I. Concretamente o contido do Bloque B é o do seguinte recadro que se copia:

CSV: REXPG-cu3kBlsxT-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/04/2025 10:54:05
Nº Rexistro: 6396
Data envio: 04/04/2025 10:54:05.892

PARLAMENTO DE GALICIA

BLOQUE B (SEGUNDO EXERCICIO)

(Temario dispoñible para se descargar no seguinte enderezo electrónico: *https://www.parlamentodegalicia.gal/sitios/web/Transparencia/DocsTransparencia/AGORA.pdf)*

TEMA 1. Ágora Millennium: Rexistro de Entrada.

TEMA 2. Ágora Millennium: Actividade parlamentaria.

TEMA 3. Ágora Millennium: Rexistro de Saída.

TEMA 4. Ágora Millennium: Publicacións.

TEMA 5. Ágora Millennium: Composición dos órganos.

TEMA 6. Ágora Millennium: Control da tramitación.

TEMA 7. Ágora Millennium: Consultas.

TEMA 8. Ágora Millennium: Estatísticas.

A ligazón que se recolle no enderezo electrónico é ao *Manual da aplicación Ágora*, dispoñible en aberto para o seu estudo por todos os aspirantes.

Polo tanto, o segundo exercicio do proceso soamente podía realizarse en relación co contido do dito manual. Dito doutro modo: as preguntas debían formularse nos termos recollidos nese texto e non atendendo a ningún outro aspecto, coa finalidade de darlle seguridade xurídica ao proceso ao acoutar así o contido a estudar e, consecuentemente, garantir a igualdade de trato dos aspirantes, os cales podían acceder ao contido do dito manual. Nese sentido, constátase que a propia recorrente recoñece que a pregunta resulta da literalidade do manual.

Por todas as razóns expresadas nas consideracións anteriores, ao abeiro do disposto 122 da LPAC en relación co disposto no título III do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG. núm. 87, do 7 de maio de 2018, DOG núm. 36, do 20 de febreiro de 2019 e DOG núm. 238, do 25 de novembro de 2020), a Mesa adopta o seguinte acordo:

Primeiro: DESESTIMAR o recurso e, consecuentemente, confirmar a resolución do tribunal.

Segundo: Notificarlle o acordo á persoa interesada

Terceiro: Comunicarlles este acordo ao tribunal cualificador e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2025.04.04 10:53:33 +02'00'

Tribunal do proceso selectivo para ingresar en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXPG-cu3kBlsxT-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/04/2025 10:54:05
Nº Rexistro: 6396
Data envio: 04/04/2025 10:54:05.892

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 04/04/2025 10:53:33

CSV: REXPG-cu3kBIsxT-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/04/2025 10:54:05
Nº Rexistro: 6396
Data envio: 04/04/2025 10:54:05.892

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/04/2025 10:54:06

CSV: REXPG-cu3kBIsxT-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/